

COÑECE O TEU PARQUE NACIONAL XORNADAS DE DIVULGACIÓN Á CIDADANÍA

Curso teórico-práctico de iniciación á ornitología

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG) anuncia un novo curso no que a cidadanía poderá descubrir as aves que habitan no PNMTIAG e a súa importancia ecolóxica. A observación de aves é unha actividade fascinante que nos conecta coa natureza. Aprender a observar aves non só nos axuda a identificar diferentes especies, senón que tamén nos ensina sobre os ecosistemas e a importancia da conservación.

Na xornada teórica adentrarémonos no mundo da ornitología en particular e do medio ambiente en xeral. Coñeceremos as principais especies de aves do PNMTIAG, os seus hábitats, as ameazas que se cernen sobre as mesmas e as súas poboacións, e a lexislación, campañas e proxectos que existen para combater ditas ameazas.

Na xornada práctica observaremos e disfrutaremos das especies de aves reprodutoras no Parque Nacional das Illas Atlánticas, os seus hábitats e observaremos in situ diferentes medidas e estratexias de conservación que o PNMTIAG está a desenvolver para a súa conservación.

- **Relator:**
Diego Rodríguez Vieites. Biólogo. Ornitólogo experto e Máster en Restauración de Ecosistemas
- **Datas, horarios e lugar:**
Venres. 27 de xuño. 17:00 a 20:00. Fase teórica. Sede do PNMTIAG
Sábado 28 de xuño. 10:30 a 17:30 Fase práctica na Illa de Ons
Embarque no porto de Bueu
- **Obxectivos:**
Aprender a identificar as distintas especies de aves que habitan na illa de Ons
Divulgar a importancia das aves nos ecosistemas
Dar a coñecer proxectos relacionados coa conservación das aves levados a cabo no PNMTIAG
- **Prazas:** 40. Inscripción previa (<https://forms.gle/cHHh3mMcSB1PLdQV8>)

Inscripcións

